



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### NEDA

*Bases reguladoras e convocatoria de concurso de méritos para a selección con carácter urxente, mediante o sistema de concurso, e nomeamento como funcionario/a interino/a dun/ha traballador/a social, a tempo parcial - media xornada*

En cumprimento do acordo tomado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 23/03/2026, anúnciase a convocatoria e publícanse as bases reguladoras do procedemento para a selección con carácter urxente, mediante o sistema de concurso, para o nomeamento como funcionario/a interino/a dun/ha traballador/a social, a tempo parcial - media xornada, ao abeiro da subvención concedida a este Concello pola Consellería de Política Social, no proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais (PASSCM).

Consonte co sinalado na base 6ª, o prazo de presentación de instancias será de TRES días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

**BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA O NOMEAMENTO DUN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A, POR PROGRAMA, MEDIANTE CONCURSO, A TEMPO PARCIAL - MEDIA XORNADA.**

#### **PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria.**

Esta convocatoria ten por obxecto regular a selección con carácter urxente, mediante o sistema de concurso, para o nomeamento interino dun/ha traballador/a social, a tempo parcial - media xornada, ao abeiro da subvención concedida a este Concello pola Consellería de Política Social, no proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais (PASSCM).

O posto de traballo é o de Traballador/a Social, da escala de administración especial, subescala técnica, clase de técnicos medios, grupo A, subgrupo A2, tempo parcial, media xornada.

A selección e ulterior nomeamento faise ao abeiro do disposto no artigo 10.1.c) do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

Dado que se trata de cubrir un posto do ano 2022 actualmente vacante polo cese voluntario de persoas sucesivamente nomeadas a duración da interinidade será ata o 02/11/2026.

De conformidade co artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), os procedementos de selección de persoal funcionario interino serán públicos, rexéndose en todo caso polos principios de igualdade, mérito, capacidade, transparencia e oportunidade, e terán como obxectivo a cobertura inmediata do posto. Os nomeamentos resultantes destes procedementos de selección non levarán en ningún caso ao recoñecemento da condición de funcionario de carreira.

En termos similares pronúnciase o artigo 24.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG), os procedementos de selección de persoal funcionario interino serán áxiles, axustándose en todo caso aos principios de igualdade, mérito, capacidade, transparencia e oportunidade, e terán como obxectivo a cobertura inmediata do posto. Os nomeamentos resultantes destes procedementos de selección non darán lugar en ningún caso ao recoñecemento da condición de funcionario de carreira.

Coas bases reguladoras da convocatoria realizada no ano 2022 estableceuse unha bolsa de traballo que actualmente está esgotada ao rexeitar o ofrecemento, por estar empregadas, as 5 persoas que quedaban na mesma.

Existen razóns e circunstancias que requiren a cobertura con carácter de urxencia e inaprazable do indicado posto pois, ante a falla temporal de persoal especializado nos servizos sociais municipais, noutro caso nos atoparíamos ante unha paralización dun servizo esencial.

Por tal motivo utilízase o concurso, ao resultar un sistema de selección áxil para dar resposta a inmediatez requirida.

#### **SEGUNDA.- Réxime xurídico.**

A normativa de aplicación é a seguinte e concordantes:

- TREBEP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.
- Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
- Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal ao servizo da comunidade autónoma de Galicia.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG).
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado e demais lexislación concordante e de aplicación

#### **TERCEIRA.- Retribucións e funcións a desempeñar.**

##### **a) Retribucións**

Serán as correspondentes ao posto que se ocupe, tendo en conta que .

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, adaptaranse ás necesidades do servizo.

##### **b) Funcións:**

As funcións e tarefas a desempeñar polo/a traballador/a social serán, entre outras, as seguintes:

- Detección, coñecemento e valoración das necesidades sociais e recursos existentes do municipio, a través da observación, atención da demanda e a investigación.
- Planificación e programación dos recursos e servizos necesarios para atender os problemas e necesidades detectados.
- Avaliación de problemas e derivación para a atención dos mesmos cara os distintos servizos existentes cando así o requira o caso.
- Promoción da toma de conciencia polas comunidades e individuos dos seus problemas, facilitándolle-la participación nas tarefas comunitarias, impulsando o asociacionismo e fomentando actitudes e conciencia solidaria.
- Axuda a integración de individuos, familias e grupos que o precisen, favorecendo solucións de reinserción social, evitando situacións de marxinação e/ou exclusión social.
- Información, asesoramento, orientación e intervención técnica para resolución das situacións de necesidade e conflito a nivel individual e colectivo.
- Xestión e tramitación administrativa de recursos e prestacións.

#### **CUARTA.-Requisitos dos aspirantes.**

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos xerais conforme ao artigo 56 do TREBEP:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP e do previsto no artigo 52 da LEPG, respecto do acceso ao emprego público por nacionais doutros estados.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto de traballo.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas conforme á normativa vixente.
- f) Estar en posesión do título de Grao universitario en Traballo Social, Diplomado en traballo social ou titulación universitaria de grao equivalente.

Tódolos requisitos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

#### **QUINTA. Publicidade.**

A convocatoria iniciando o proceso selectivo así como as presentes bases, serán obxecto de publicación en Boletín Oficial da Provincia (BOP), na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios do mesmo.

Todas as demais resolucións que se produzan no expediente, serán publicadas a través da páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios deste.

#### **SEXTA.–Presentación de instancias.**

As persoas que desexen tomar parte neste proceso selectivo deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde, segundo o modelo establecido no Anexo I das presentes bases, que se presentará no Rexistro do Concello de Neda, así como en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de instancias será de TRES días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto ao do Rexistro do Concello de Neda, as persoas aspirantes deberán remitir unha copia da instancia, e da documentación anexa á mesma, á dirección de correo electrónico: correo@neda.gal, no mesmo día da súa presentación nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e sempre que sexa dentro do prazo de presentación de instancias.

Á instancia debidamente cuberta, incluída a parte de autobaremación, unirase necesariamente a seguinte documentación:

- a) Copia cotexada do DNI ou documento de identificación.
- b) Copia cotexada da titulación esixida na base cuarta da presente convocatoria.
- c) Currículo da persoa aspirante.
- d) Copia cotexada dos méritos alegados, segundo o establecido na base 9ª da convocatoria.
- e) No seu caso, acreditación do coñecemento da lingua galega, nivel Celga 4 ou equivalente.

A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase coa presentación do certificado de coñecemento da lingua galega CELGA 4, ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 34, do 19 de febreiro de 2014.

En base ao establecido no artigo 51.2 da LEPG, respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega terán unha proba, que consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal durante un tempo máximo de 30 minutos. Dita proba cualificarase co resultado de apto/a ou non apto/a, sendo excluídas do proceso selectivo as persoas declaradas non aptas.

A presentación de documentación acreditativa dos aspectos a valorar é voluntaria por parte do aspirante. En todo caso, non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, no último día do prazo de presentación da instancias. De non presentarse documentación acreditativa dos méritos a valorar a puntuación será de 0 puntos.

No caso de que dita documentación xa obrase en poder da administración poderá solicitarse que se faga uso da mesma, indicando na solicitude en que momento e ante que órgano administrativo se presentou.

#### **SÉPTIMA.–Admisión de aspirantes.**

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Xunta de Goberno Local tomará acordo de aprobación da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, especificando o cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases, publicándose o anuncio na páxina web do Concello.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da lista na páxina web e taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para presentar reclamacións ou emendar o defecto que motive a exclusión.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden as deficiencias serán definitivamente excluídos do procedemento selectivo.

Rematado o prazo para a emenda ou, non caso de non necesidade da mesma, publicarase a relación definitiva de persoas admitidas/excluídas tanto na paxina web como no taboleiro de anuncios da casa do Concello. No anuncio da lista definitiva incluírase o nomeamento das persoas integrantes do órgano seleccionador, así como a data, hora e lugar para a súa constitución para a valoración dos méritos, consonte ao establecido no punto noveno das presentes bases.

#### **OITAVA.- Órgano de selección.**

O Tribunal de selección será nomeado conforme ao disposto no texto refundido do Estatuto Básico do Empelado Público, conxuntamente co acordo que eleve a definitiva a lista de admitidos/excluídos.

Estará constituído por cinco membros: Presidente, Secretario e tres vogais.

A súa composición darase a coñecer xunto coa relación definitiva de admitidos, podendo ser obxecto das correspondentes recusacións ou abstencións que legalmente procedan.

O Órgano de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunha das probas, que colaborarán co Tribunal exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas, asesorando e ilustrando, pero non participando na toma de decisións do Tribunal, polo que actuarán con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran algunha das circunstancias ás que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Tódolos membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do/a seu/súa Presidente/a.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas Bases.

Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

#### **NOVENA.- Procedemento de selección.**

9.1) A selección levarase a cabo polo sistema de concurso, mediante a valoración dos méritos segundo o baremo que se recolle nesta base. Con suxeición aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O Tribunal reunirse en sesión non pública a efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados. O resultado da valoración farase público, mediante a exposición no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web municipal.

Serán méritos a valorar os seguintes:

##### **a) Experiencia profesional.**

- Por servizos prestados en calquera administración pública como funcionario/a de carreira, interino/a ou contratado/a laboral fixo ou temporal, en postos de igual ou similar categoría e no que se desenvolvan tarefas ou funcións propias do posto que se convoca: 0,10 puntos/mes.
- Por servizos prestados en calquera administración ou empresa privada en cometidos e categoría semellantes os da praza obxecto de convocatoria: 0,05 puntos/mes.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase do seguinte xeito:

Os servizos en calquera administración pública, mediante certificado expedido por quen ostente a función de fe pública no organismo de que se trate ou, no seu caso, mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do/s contratos de traballo.

Os servizos prestados en calquera empresa privada mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado da empresa correspondente no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo.

No caso de xustificación mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social, terá necesariamente que ir acompañado do certificado da empresa correspondente no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo. A non presentación dalgún deses documentos (vida laboral+ certificado empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado.

b) Formación..

Valorarase a asistencia a cursos impartidos por Administracións Públicas, organismos públicos, sindicatos, centros oficiais ou dependentes de Administracións Públicas ou Universidades Públicas, directamente relacionados coas funcións propias do posto convocado e o desenvolvemento eficiente das mesmas, de acordo co seguinte baremo:

Horas	Puntuación
25 a 49 horas	0,15
50 a 74 horas	0,20
75 a 99 horas	0,25
100 a 149 horas	0,30
150 horas ou máis	0,35

Unicamente valorarase a formación complementaria e de perfeccionamento correspondente a cursos de formación.

Non se valorará/n:

- A asistencia a xornadas, seminarios ou actividades análogas.
- Os cursos de formación que formen parte dun proceso selectivo.
- Os cursos de informática nin os de prevención de riscos laborais.

As persoas aspirantes acreditarán os méritos alegados mediante diploma, certificado ou xustificante expedido ou homologado por organismos oficiais.

O Tribunal non admitirá como mérito neste apartado os certificados nos que non consten o número de horas.

9.2) Proba de galego.

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal durante un tempo máximo de 30 minutos. Dita proba cualificarase co resultado de apto/a ou non apto/a.

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que, coa presentación da instancia, acrediten, estar en posesión do Celga 4 ou equivalente.

**DÉCIMA.- Cualificación final, presentación de documentos e nomeamento.**

As puntuacións obtidas publicaranse por orde de maior a menor.

No caso de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta A maior puntuación obtida na experiencia profesional.

En caso de persistir o empate este resolverase por sorteo público.

O Tribunal despois da cualificación publicará a lista de persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de maior a menor puntuación, elevando á Xunta e Goberno a proposta de nomeamento da persoa que obtivera a maior puntuación no proceso selectivo.

A persoa aspirante seleccionada, previamente ao seu nomeamento, no prazo de tres (3) días naturais dende a proposta do nomeamento, deberá xustificar os seguintes requisitos:

Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a.

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos, procedéndose a solicitar a mesma documentación ao seguinte aspirante segundo a lista de puntuacións.

Achegada a documentación pola persoa proposta, procederase ao seu nomeamento como funcionario/a interino/a, para o comezo da prestación do servizo.

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo e non obtiveron praza, ordenadas de maior a menor puntuación. Esta bolsa de traballo servirá para posibles renuncias, substitucións ou baixas que se produzan durante a vixencia do programa subvencionado pola Xunta de Galicia.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Réxime de incompatibilidades.**

A persoa aspirante proposta, dende o seu nomeamento, quedará sometida ao réxime de incompatibilidades que establece a lexislación vixente nesta materia, segundo a regulación establecida na Lei 53/84, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- Carácter vinculante das bases.**

As bases da presente convocatoria vinculan á Administración, ao Tribunal Cualificador e ás persoas aspirantes que participen neste proceso selectivo.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- Incidencias.**

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

#### **DÉCIMO CUARTA.- Protección de datos de carácter persoal.**

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios rexistros, cuxo responsable é o Concello de Neda, onde as persoas aspirantes poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación e cancelación.

Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto.

Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na páxina web e no Taboleiro de Edictos do Concello, a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

#### **DÉCIMO SÉTIMA.- Recursos.**

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Únense ás presentes bases os seguintes anexos:

- ANEXO I.- Solicitud para participación no proceso selectivo.
- ANEXO II.- Declaración responsable.
-

## ANEXO I

SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO PROCESO SELECTIVO PARA O NOMEAMENTO DUN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A, POR PROGRAMA, MEDIANTE CONCURSO.		
Nome:	Apelidos:	
DNI:	Data de nacemento:	Nacionalidade:
Domicilio a efectos de notificacións:		
Municipio:	CP:	Provincia:
Correo electrónico:		Teléfono:
Coñecendo a convocatoria para a provisión dun posto de Traballador/a Social, como funcionario/a interino/a, para o Concello de Neda e considerando que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da reguladoras da mesma, que igualmente declara coñecer, SOLICITA: A súa admisión ao proceso selectivo, para o que acompaña a seguinte documentación:		
	Copia cotexada do DNI	
	Copia cotexada da titulación esixida segundo o establecido na base 4ª da convocatoria	
	Currículo	
	Documentos acreditativos, debidamente cotexados, segundo o establecido na base 9ª da convocatoria para a fase de concurso	
	No seu caso, documento acreditativo, debidamente cotexado, de estar en posesión do Celga 4.	
	OUTRA DOCUMENTACIÓN:	

AUTOBAREMACIÓN (Non escribir nas celdas sombreadas)			
a) Experiencia profesional. (Admón pública 0,10 Pts/mes – Sector privado 0,05 Pts/mes)			
Denominación	Meses	Autobaremación aspirante	TRIBUNAL
TOTAL PUNTOS APARTADO a).....			



## ANEXO II

<b>DECLARACIÓN RESPONSABLE</b>		
Nome:	Apelidos:	
DNI:	Data de nacemento:	Nacionalidade:
Domicilio a efectos de notificacións:		
Municipio:	CP:	Provincia:
Correo electrónico:		Teléfono:
<p><b>DECLARO RESPONSABLEMENTE:</b>          Primeiro: Que reúno todos e cada un dos requisitos establecidos nas Bases da convocatoria.          Segundo: Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.          Terceiro: Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.</p>		

E para que conste e teña os efectos oportunos no expediente de selección de persoal temporal, do Concello de Neda para o posto de Traballador/a Social, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.  
 Neda, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026.

Neda, a 25 de marzo de 2026.

O Alcalde,

Asdo.: Ángel Alvaríño Saavedra.

2026/1839